

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE OUTUBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

D. Luís Rico Vereá

D. Elisardo Montero Castro

D. Jose Balado Casal

Secretaria-Interventora:

Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:30 horas do día vinte e sete de outubro de 2016, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas o día 28/07/16, 31/08/16 e 29/09/16, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 28/07/16, 31/08/16 e 29/09/16.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CULTURA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA RELATIVA AS AXUDAS DESTINADAS Á COLABORACIÓN EN MATERIA DE ARQUIVOS.

Pola secretaria dáse conta do escrito asinado pola xefa do servizo do sistema de arquivos, rexistro de entrada neste concello co nº 2295 en data 07/10/2016, no que se notifica que a solicitude de axuda presentada por este Concello acadou 7 puntos pero non resultou adxudicataria por mor do límite orzamentario.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE AGADER CONCESIÓN DE PRÓRROGA PARA EXECUCIÓN DA OBRA INLUÍDA NO PLAN MARCO 2016

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, rexistro de entrada neste concello co nº 2278 en data 05/10/2016, no que se notifica a resolución do director xeral de Agader pola que se modifica a subvención concedida respecto o Plan mar-

co: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016 no apartado do prazo máximo de execución quedando fixado o 15 de outubro de 2016.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- INFORMES TÉCNICOS EMITIDOS DENDE O SERVIZO DE SUPERVISIÓN DE CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS EN RELACIÓN CO PROXECTO DE AMPLIACIÓN MINIRRESIDENCIA: MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL REDUCCIÓN DA CAPACIDADE CENTRO DE DÍA E AUMENTO DE PRAZAS NA MINIRRESIDENCIA

Pola secretaria dáse conta dos informes enviados da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, rexistro de entrada neste concello co nº 2307 en data 10/10/2016, e que foron emitidos na tramitación do procedemento para as autorizacións de modificación substancial dos centros Minirresidencia para persoas maiores de Boimorto e Centro de día para persoas maiores de Boimorto, situados na rúa Gándara nº 73, sendo estes favorables.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- CERTIFICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA CANTIDADE QUE SE LIQUIDARÁ E TRANSFERIRÁ A ESTE CONCELLO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA), CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016

Pola secretaria dáse conta do certificado remitido pola xefa territorial da Consellería de Política Social, rexistro de entrada neste concello co nº 2422 en data 25/10/2016, da cantidade que se liquidará e transferirá polo primeiro trimestre do ano a este Concello que corresponde en función das horas de atención efectivamente prestadas no servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, segundo o seguinte desglose:

Mes de Xullo: 8.625,44 €

Mes de Agosto: 8.993,17 €

Mes de Setembro: 8.378,31 €

Total nómina neta 3º trimestre: 25.996,92 €

Total devengado: 25.996,92 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- DACIÓN ACORDO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA A CESIÓN A ESTE CONCELLO DE MATERIAL DESTINADO AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE VIXILANCIA E CONTROL DA VESPA VELUTINA EN GALICIA, MEDIANTE LABORES DE RETIRADA DE NIÑOS.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, rexistro de entrada neste concello co nº 2457 en data 27/10/2016, no que se achega un exemplar do Acordo da Consellería do Medio Rural para a cesión a este Concello en propiedade de material para labores de retirada de niños de Vespa velutina, que está composto dos seguintes elementos:

.- 1 pértiga de material aluminio lixeiro; 18 tramos 1,5 (27 m) acoplados con sistema macho/femia e pestillo de seguridade.

.- 2 punteiros inxectores de distinta lonxitude (para niños grandes e pequenos).

.- 2 mangueras de tubo transparente, 15 m e 28 m.

.- Espátula.

.- Funda, en tubo en PVC- 200 con tapa e asadeiras.

.- Sistema impulsor, bomba de accionamento manual.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE CONCEDE UNHA PRÓRROGA DO PRAZO DE ADXUDICACIÓN DOS INVESTIMENTOS PENDENTES DE ADXUDICAR INCLUÍDOS NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 2281 en data 05/10/2016, no que se notifica a resolución de concesión dunha prórroga da obra Ampliación de miniresidencia en Boimorto incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 ata o 30 de xuño de 2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.7.- DACIÓN CONVENIO ESPECÍFICO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO ASINADO CO CENTRO EDUCATIVO EFAG EL PIÑEIRAL O 21/10/2016. DENOMINACIÓN DA ENSINANZA: COIDADOS AUXILIARS DE ENFERMARÍA

Pola secretaria dáse conta do convenio asinado o 21 de outubro de 2016 co centro educativo EFAG El Piñeiral, localizado en Santa María de Arzúa, rexistrado de entrada neste concello co nº 2453 en data 27/10/2016, para o desenvolvemento de formación en centros de traballo para o curso escolar 2016/2017 por parte do alumnado Concepción García Fandiño e Laura Ledo Vazquez e correspondente á ensinanza “Coidados auxiliares de enfermaría (Tít. LOXSE) e sendo necesario nomear unha persoa para a coordinación das actividades formativas que se realizarán no centro de traballo Miniresidencia para persoas maiores segundo a cláusula cuarta.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Nomear a Dna. María Teresa Gómez Cea, directora da Residencia de persoas maiores e Centro de día.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ao centro educativo EFAG El Piñeiral.

2.8.- ESCRITO DA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA INFORMANDO SOBRE PROGRAMAS DIRIXIDOS ÁS FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS ECONÓMICOS

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Fundación Amigos de Galicia rexistrado no rexistro xeral da Xunta de Galicia en data 18/10/2016 e recibido neste concello o día 20/10/2016 con rexistro de entrada nº 2389, no que comunica que pon a disposición deste concello tres programas dirixidos ás familias con escasos recursos económicos, principalmente familias monoparentais con fillos, mulleres vítima de violencia de xénero, parado de longa duración con fillos e familias desestruturadas:

.- Plan de cobertura ás necesidades básicas de alimentación de carácter mensual, con especial atención á alimentación infantil

.- Gabinete de avogados/avogadas.

.- Programa de orientación e inserción laboral, coa colaboración do técnico de emprego do concello de Boimorto.

A Fundación realizaría estes cursos de formación dúas veces ao mes en aulas/espazos cedidos por este concello, colaborando nun tanto por cento dos gastos.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZA DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA A VENDA AO POR MENOR DE ELECTRODOMÉSTICOS NA RÚA GÁNDARA DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. ALBERTO FRAGA VILARIÑO.

Examinada a comunicación de inicio de actividade (CP-001) presentada por D. Alberto Fraga Vilariño, NIF 33290215S, e domicilio a efectos de notificacións en rúa Gándara s/n, Boimorto, código postal 15817, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº. 1058 en data 31/05/2016 para o exercicio da actividade de venda ao por menor de electrodomésticos na rúa Gándara do núcleo urbano de Boimorto.

Consta no expediente Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 14/09/2016 (expediente nº 2016/0787/CNC) autorizando a actividade pero recoméndase pintar o peto superior da fachada de cor branca.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de inicio de actividade de data 28/09/2016 dos servizos técnicos municipais D. Ángel Delgado Cid.

Informa a secretaria que o establecemento donde se pretende levar a cabo a actividade xa conta cunha licenza de apertura outorgada pola Comisión de Goberno en sesión de data 28/11/2003 na que se lle practicou unha liquidación por importe de 135,81 €uros, cantidade que foi ingresada nas arcas municipais en data 10/12/2003 e que se deberá ter en conta na liquidación da taxa de apertura do establecemento.

Visto o artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Considerar comprobado o cumprimento dos requisitos legais para inicio de actividade de venda ao por menor de electrodomésticos na rúa Gándara do núcleo urbano de Boimorto a D. Alberto Fraga Vilariño ao considerar completa a documentación presentada, debendo axustarse en todo momento ás medidas correctoras no proxecto presentado coa solicitude, redactado pola arquitecta técnica Dna. María Fé García Liñeira, colexiada número 1.480, visado polo colexio COAATIE de A Coruña o 04/08/2016, sen prexuízo das facultades posteriores de comprobación, inspección, control do concello desta actividade.

Darase cumprimento á resolución do 15/09/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Visto o artigo 6º 3) da Ordenanza fiscal nº 5, reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos no que di *“En caso de variación ou ampliación de actividade realizada no establecemento suxeito, da cota que resulta por aplicación dos apartados anteriores deste artigo, deducirase o devengado por este concepto tributario con ocasión da concesión das anteriores licenzas de apertura, sendo a cantidade a ingresar a diferenza resultante”* aprobar a liquidación tributaria en concepto de taxa por inicio de actividade de conformidade co establecido na referida ordenanza.

Base imponible a razón de superficie do establecemento en m² de local: 150 m²

Tipo de solo: urbano

Tarifa: 1,50 €uros/m².

Importe: 225 €uros.

Importe liquidado no ano 2003: 135,81 €uros (90,39m² de superficie. Tarifa: 1,50 €uros/m²)

Cota a ingresar: 225,00 €uros - 135,81 €uros = **89,19 €uros**

TERCEIRO.- A presente autorización queda condicionada ao pago da correspondente taxa sin cuio requisito non terá validez nin efecto.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Alberto Fraga Vilariño indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria interventora sobre a non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmobles (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas, legalidade por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 21 de xullo de 2016 (RE núm. 1687) coas seguintes características:

Datos do solicitante

| | |
|------------------|--|
| Nome e apelidos: | Hermitas Sánchez Aller |
| DNI: | 76475428Z |
| Domicilio: | R/ Estrada de Arzúa núm. 5 - Boimorto 15817 Boimorto |

Datos da obra:

| | |
|------------------------------|---|
| Obxecto: | Substitución de material de cuberta de vivenda e anexos |
| Situación: | R/ Estrada de Arzúa núm. 5 - Boimorto |
| Referencia catastral: | 1321402NH7612S0001UF |
| Orzamento de execución: | 13.179,44 €uros |
| Calificación urbanística: | Solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva. |
| Autorización sectoriais: | Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data 13/10/2016 autorizando as obras (expediente núm. 2016/1112CNC |
| Compatibilidade urbanística: | Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 19 de outubro de 2016 |

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 19/10/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 13.179,44 €uros

Liquidación 2%: **263,59 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Hermitas Sánchez Aller indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 11 de outubro de 2016 (RE núm. 2311) coas seguintes características:

Datos do solicitante

| | |
|------------------|--|
| Nome e apelidos: | Juan Jesús Peteiro Ares |
| DNI: | 33225930S |
| Domicilio: | Lg. Fanto núm. 9 - Brates 15817 Boimorto |

Datos da obra:

| | |
|------------------------------|--|
| Obxecto: | Substitución do material de cuberta (retirar tella e colocar uralita e tella) |
| Situación: | Lg. Sobreira núm. - Buazo - 15818 Boimorto |
| Referencia catastral: | 15010A505003060001KR |
| Orzamento de execución: | 4.959,00 €uros |
| Cualificación urbanística: | Solo de núcleo rural coa ordenanza de orxinario disperso |
| Autorización sectoriais: | Non precisa |
| Compatibilidade urbanística: | Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 24 de outubro de 2016) |

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 6.357,60 €uros

Liquidación 2%: **127,15 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Juan Jesús Peteiro Ares indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 28 de setembro de 2016 (RE núm. 2219) coas seguintes características:

Datos do solicitante

| | |
|------------------|--|
| Nome e apelidos: | María Vidal Regueiro |
| DNI: | 00474891X |
| Domicilio: | R/ Campo do Rosario núm. 7 - Boimorto 15817 Boimorto |

Datos da obra:

| | |
|------------------------------|--|
| Obxecto: | Reparación de humedades nunha edificación |
| Situación: | R/ Campo do Rosario núm. 7 - Boimorto |
| Referencia catastral: | 0916117NH7601N0001OI |
| Orzamento de execución: | 2.594,20 €uros |
| Calificación urbanística: | Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva |
| Autorización sectoriais: | Non é preciso |
| Compatibilidade urbanística: | Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 26 de outubro de 2016 |

Pola secretaria informa que no expediente consta o Decreto ditado polo letrado da administración de xustiza: Alfredo Berini Couceiro do Xulgado da Primeira Instancia e Instrucción número 1 de Arzúa en data 07/09/2016 aos efectos da autorización das obras, xa que as mesmas se realizarán na finca lindeira á da solicitante.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante (salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros) para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 2.594,20 €uros

Liquidación 2%: **51,88 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Vidal Regueiro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de outubro de 2016 (RE núm. 2267) coas seguintes características:

Datos do solicitante

| | |
|------------------|---|
| Nome e apelidos: | Mercedes García Rey |
| DNI: | 76474519W |
| Domicilio: | Lg. Campo da Lanza núm. 17 - Ánxeles - 15816 Boimorto |

Datos da obra:

| | |
|------------------------------|---|
| Obxecto: | Rehabilitación parcial dunha vivenda unifamiliar |
| Situación: | Lg. Campo da Lanza núm. 17 - Ánxeles |
| Referencia catastral: | 15010A506002290001KU |
| Orzamento de execución: | 6.103,00 €uros |
| Calificación urbanística: | Solo de núcleo rural coa ordenanza de orxinario disperso. |
| Autorización sectoriais: | Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data 15/09/2016 autorizando as obras (expediente núm. 2016/0824CNC Resolución do servizo de vías e obras da Deputación Provincial de data 29/09/2016 (expediente núm. 2016000008445 |
| Compatibilidade urbanística: | Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 24 de outubro de 2016 |

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 15/09/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de data 29/09/2016 do servizo de vías e obras da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 9.431,12 €uros

Liquidación 2%: **188,62 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Mercedes García Rey indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 7 de outubro de 2016 (RE núm. 2297) coas seguintes características:

Datos do solicitante

| | |
|------------------|---|
| Nome e apelidos: | Jesús Pardo Salgado |
| DNI: | 76610362F |
| Domicilio: | Rúa Gándara nº 43 - Boimorto - 15817 Boimorto |

Datos da obra:

| | |
|------------------------------|---|
| Obxecto: | Retellado do edificio |
| Situación: | Rúa Gándara - Boimorto |
| Referencia catastral: | 0614704NH7601S0001EH |
| Orzamento de execución: | 1.800,00 Euros |
| Cualificación urbanística: | Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva. |
| Autorización sectoriais: | Non é necesario |
| Compatibilidade urbanística: | Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 24 de outubro de 2016 |

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 142.3 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.800,00 Euros

Liquidación 2%: **36,00 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Jesús Pardo Salgado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 30 de marzo de 2016 (RE núm. 623) coas seguintes características:

Datos do solicitante

| | |
|------------------|--|
| Nome e apelidos: | Manuel Garea Cabo, en representación da entidade Ganadería Bertomil, S.C. CIF: j70105655 |
| DNI: | 33237158L |

| | |
|------------|---|
| Domicilio: | Lg. Bertomil núm. 6 - Brates - 15817 Boimorto |
|------------|---|

Datos da obra:

| | |
|------------------------------|--|
| Obxecto: | Construción do cerramento da finca nº 238 do polígono catastral 502, mediante estacas de madeira e malla, cunha lonxitude total de 650 ml. |
| Situación: | Lg. Bertomil - Brates |
| Referencia catastral: | 15010A502002380000JM |
| Orzamento de execución: | 4.550,00 €uros |
| Cualificación urbanística: | Solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas. |
| Autorización sectoriais: | Consta resolución do organismo de Augas de Galicia de 30 de setembro de 2016 (Clave: DH.W15.53167) |
| Compatibilidade urbanística: | Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 13 de abril de 2016) |

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento as condicións xerais e particulares da resolución do 30/09/2016 de Augas de Galicia.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 10.270,00 €uros

Liquidación 2%: **205,40 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Garea Cabo indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.7.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRA PARA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE NO LUGAR DE ALGALIA, PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. ÓSCAR GAREA PÉREZ EN REPRESENTACIÓN DE JOSÉ ÁNGEL GAREA E HIJOS S.C.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001) tramitado a instancia de D. Óscar Garea Pérez con DNI nº 79334207P, en representación de José Ángel Garea e Hijos S.C., e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Iglesia nº 26, parroquia de Dormeá, 15816 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 1369 data 20/06/2016, para "Proxecto de ampliación de explotación de vacún de leite" no lugar de Algalia, parroquia de

Dormeá, na parcela número 226 do polígono catastral 508 (Referencia catastral: 15010A508002260000JO) consonte ao proxecto achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Óscar J. Pose Andrade, colexiado nº 1.163, visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña - Pontevedra co número 20160487; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria, lugar no que se encadran as obras, e solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso.

Visto que a explotación conta co recoñecemento administrativo de existencia de explotación gandeira, ao amparo da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, así como da licenza definitiva de actividade para ampliación da explotación concedida por Decreto de Alcaldía 170/2015.

Con data 26/06/2016 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 23/09/2016 rexistro de entrada número 2198 preséntase “Anexo I a Proxecto de ampliación de explotación de vacún de leite” redactado polo mesmo técnico e visado co mesmo número.

Dase conta do informe favorable dos servizos técnicos municipais de data 6 de outubro de 2016 e do informe desfavorable de secretaría de data 27 de outubro de 2016 segundo o cal ao non consta no expediente o informe de avaliación de incidencia ambiental e tendo en conta que as unidades de ganado superan as indicadas en anexo 1 Lei 9/2013 entre 50 e 300 prazas para vacún de leite é necesaria a tramitación e obtención previa de declaración de incidencia ambiental, así como en aplicación do artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes sinalados, por unanimidade **ACORDA:**

